

Felipe Luis López, fundador da Festa do Pulpo e autor dos carteis

Felipe Luis López é un dos máximos defensores da Festa do Pulpo do Carballiño. A explicación é sinxela: foi un dos seus fundadores e ven sendo autor dos carteis anunciadores da mesma desde o mesmo momento no que naceu. O traballo faino

desinteresadamente, non cobra nada pola súa obra e o concello «correspóndelle» convidandoo á comida que se fai tódolos anos no recinto oficial. Sabedor da confianza que ten depositada nel o Concello do Carballiño Felipe Luis López xa comenza a

traballar no cartel do próximo ano nada máis entregar o orixinal que vai difundir a festa. Ó cabo destes trinta anos atesora toda unha colección de anécdotas e opinións sobre a súa obra que constitúen un pequeno refrexo da vida cotidiana do Carballiño.

«Xunto ideas ó longo do ano»

O CARBALLIÑO
Redacción

Felipe Luis López formou parte da pequena comisión que creou no seu día a Festa do Pulpo. Daquela era concelleiro da corporación municipal e a amizade entre os mesmos foi a que propiciou a creación da festa.

– **¿Como surxi a creación desta iniciativa?**

– Un día ocurriúsenos facer unha pequena festa que fose coma una reunión gastronómica do Carballiño. En principio pensamos en facer a festa da carne ó caldeiro. O que pasa é que, en consideración ás pulpeiras de Arcos, acordouse que fora a Festa do Pulpo.

– **¿Quen estaba naquela organización?**


– Era o ano 1963 e foi un acordo entre catro ou seis concelleiros do Carballiño. Non lembro moi ben quenes eramos pero creo que estabamos o Román, da xoieiría, o Ramón Valeiras, o Apolinar, o Xoque e máis eu. Pode ser que se me esqueza algún. Naquela festa ata fixemos nos de camareiros, eramos 175 comensais de pago.

– **¿E sempre fixo vostede o cartel da festa?**

– Nun principio fíxeno porque estaba na organización e logo xa mo foron encargando tódolos anos, ata hoxe. Agás un ano no que o fixo o meu fillo o resto sempre foron obra miña.

– **¿O traballar cun esquema acotado polo pulpo e a festa no coarta un pouco?**

– A verdade é que si. O que pasa é que tamén esta limitación fai que axilices un pouco máis a imaxinación e que bus-



Felipe López defende a festa coma unda das máis importantes de Galicia

MONCHO FUENTES

ques novos camiños e outras fórmulas. Xa puxen ó pulpo de tódolos xeitos pero fundamentalmente trato de refrexar un pulpo festivo que invite á xente a participar na festa cando ve o cartel.

– **¿As ideas para facer os carteis como lle surxen?**

– Sempre traballo con varias ideas que se van ocorrendo ó longo do ano. Cando me encargan o cartel é cando empezo a desenrolar algunhas e ó final remato por decidirme por algunha. Ás veces este sistema non me vale e é un pequeno acontecemento ou un detalle da vida cotidián o que me da a pista para facer o cartel. Cando remato o cartel dun ano xa empezo a barallar ideas para a próxima edición da Festa do Pulpo.

Anécdotas para tódolos gustos

Felipe López non ten máis que palabras de eloxio para a labor de Argimiro Marnotes «despois duns primeiros anos logo foi cando se encargou da organización da Festa do Pulpo Argimiro Marnotes, e hai que recoñecer que o seu traballo ten sido impresionante. Os milleiros de persoas que veñen e a sona que ten a festa do Pulpo son boa proba delo».

– **¿Que reaccións provocan os seus carteis?**

– Como en calquer outra obra surxen opinións favorables e contrarias. Nunha ocasión díxéronme que *tanto pulpo, tanto pulpo, xa se está facendo vello* e pinteí un cartel cun pulpo con canas que dirixía a unha banda de novos pulpos que tomaban a alternativa. Tamén hai moita crítica sen sentido xa que sendo a festa do pulpo non vas pintar un congrio. Tamén me ten teñen felicitado. Un pulpo que

saia dun caldeiro fumando un puro gustou moito. O que si é certo é que tódolos carteis os ves como fillos teus e lle tes cariño.

– **¿Teño entendido que unha vez pintou un pulpo con sete rabos?**


– É certo. E cando algún se fixo o gracioso retruqueille con un comentario que non se pode refrexar nunha entrevista.

– **Xe temos visto ó pulpo vestido de peregrino, de xornalista, cortado e de mil maneiras máis. ¿Que nos queda por ver?**

– Non sei pero sempre aparece algo novedoso para refrexar a realidade desta festa gastronómica.

– **¿Garda vostede os carteis?**

– Non. Só teño 7 ou 8 porque nunca me devolvían o orixinal. Logo de que lle esixise que mos devolvesen remítenmos de novo e vounos gardando.



ACADEMIA

BIG - BEN S.L.

Director: Mr. Dodd

Calle Ervedelo, 26 - 1º Telf.: 25 08 38 ORENSE
J. Rodríguez Soto, 74 Telf.: 27 09 44 CARBALLIÑO

RECUPERACIONES

- INGLES
- MATEMATICAS
- FISICA
- QUIMICA

PREPARACIONES
ESPECIALES

Diplomas de
Cambridge
University

P.E.T. FIRST CERTIFICATE
C.A.E. PROFICIENCY
Escuela Oficial de Idiomas